

ACTA DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2022

-----ooOoo-----

No Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, sendo as dez horas do día cinco de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnense as persoas que conforman o Xurado do Certame de Artes Plásticas “Novos Valores 2022” e que se indican a continuación:

Presidente: Toda vez que o presidente do Xurado Cesáreo Mosquera Lorenzo, escusa a súa ausencia, preside, así mesmo o Xurado o vogal José Manuel Rey García, Director do Museo.

Vogais: - José Manuel Rey García, Director do Museo de Pontevedra.

- María Covadonga Barreiro Rodríguez-Móldes, Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Ramón Rozas Domínguez, Xornalista cultural.
- Carmen Hermo Sánchez, Artista e Profesora asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Pedro de Llano Neira, Profesor axudante da Facultade de Xeografía e Historia da USC.
- Susana González Martínez, Directora da Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ).

Secretario: Sonia Mateos Escudero, en substitución do Secretario da Deputación de Pontevedra.

Dito Xurado foi nomeado mediante Resolución Presidencial de 2 de xuño de 2022 (núm. 2022004269).

Toda vez que están presentes a unanimidade das/os membros do Xurado declárase constituído o mesmo e procedese a elixir as obras gañadoras do citado certame de entre as previamente seleccionadas o pasado día 14 de xuño e que figuran expostas no Museo.

Despois dunha ampla deliberación por todas/os membros do xurado, este acorda outorgar as catro becas ás/ós autoras/es das obras cuxos títulos son os seguintes:

- 1.- A ponte do alén (ImSofSRXhSAlunFJBVT66W==)
- 2.- Persoa Ola. Maternidade 2 (T1cJ5+v9xqcYw4Xuj8vvWA==)
- 3.- Sabor amargo (T1cJ5+v9xqdDc41Z9eEI/Q==)
- 4.- Herdanza de muller (oooNGSRxXnye1FUAUVFyLg==)



Toda vez que a identificación das/os autores da obra aparece encriptada procédese, polo servizo de Novas Tecnoloxías, a identificar ás/ós mesmas/os, resultando ser estes os seguintes:

- 1.- A ponte do alén. Autora: Julia Gil Ordóñez
- 2.- Persoa ola. (Maternidade 2). Autora: Teresa Bua Sambad
- 3.- Sabor amargo. Autor: Borja Santomé Rodríguez
- 4.- Herdanza de muller. Autora: Eva Pena Fandiño

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a reunión sendo as doce horas e dez minutos, do que, como Secretaria, dou fe.

